

## NEGOCIACIÓN PENDINGES

Visitando a recentemente inaugurada páxina web da CIG (Universidade) non deixan de sorprender algunha das datas nas que se publican as súas propostas. Proposta de retribucións o 21 de maio; proposta de promoción interna 30 de abril; proposta de RPT tamén do 30 de abril,... Se temos en conta que a CIG dispón de maioría absoluta na Xunta de Persoal ¿cómo é posible que esteamos sen acordo de retribucións, sen acordo de promoción interna e sen acordo de RPT desde esas datas? ¿qué están a face-los nosos representantes? O presidente sabemos o que fai: xestiona permutas de xeito personalizado (lease correo electrónico recente no que informa a aqueles que queiran cambiar de Universidade que se teñen que pór en contacto, non coa Xunta de Persoal, nin sequera a CIG, senón con el directamente). Lembra un pouco o alcalde do PP do pobo da miña aboa: como é o que reparte a auga no verán e fai arregliños administrativos no concello non lle importa deixarche caer que iso é a cambio do voto. Pero o resto da Xunta de Persoal ¿a qué se dedica? Por que hai xa tres anos que non temos nada que non nacera de acordos anteriores, salvo o maletín das retribucións.

Non obstante, nisto terá tamén algo que dicir a Xerencia. ¿É que se non é baixo presión sindical non hai obriga de planificar, propoñer, debater, aplicar e corrixir actuacións en materia de persoal? ¿É que a Xerencia non considera estratexicamente necesarios unha RPT máis adaptada ás necesidades actuais, un concurso e unha promoción interna que eviten estancamentos ou, sobre todo, unha política de formación axeitada ós requirimentos da función pública actual?

Como di o proverbio chino “a non ser que cambiemos de rumbo, remataremos no lugar cara ó que nos diriximos”. E parece que nos diriximos cara ó funcionario de manguitos e do “volva vostede mañá” que tan ben representou Forges, persoas con 40 ou 50 anos sen ningún aliciente para face-las cousas mellor, coa única perspectiva de deixar pasa-los anos ata a xubilación. Por unha banda (representación sindical) e pola outra (xerencia).